

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE MARZO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e seis de marzo de dous mil dezaoito ; as dez horas e cincuenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona María López Touza , Don Javier Iglesias Sendín, Don Ricardo González Amaro

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte de marzo de dous mil dezaoito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de don Ramón Martínez Míguez , con rexistro de entrada número 1102 de 9 de marzo, no que solicita a devolución da fianza constituída con data de 21 de agosto de 1996 por unha contía de 1.202,02 euros , relacionada coa Licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno local de 22 de xaneiro de 1996.Visto o informe favorable da arquitecta de municipal de data 21 de marzo de 2018.

A xunta de goberno acorda proceder á devolución da fianza por importe de 1.202,02 euros a don Ramón Martinez Míguez.

-Escrito de don Javier Franco Lorenzo en representación de Unión Fenosa Distribución SA , con rexistro de entrada no concello nº 1064 de 7 de marzo de 2018, no que indica que habendo rematado a obra RBT CAMPORREDONDO (PAZO)II , solicita a devolución do aval.

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal de data 20 de marzo de 2018 no que se indica que “ a situación da arqueta e do C.P.M. ou C.P.G. non se corresponde ca sinalada nos planos que forman parte da documentación técnica presentada no Concello de Ribadavia . A parcela na que se sitúa o C.P.M. ou C.P.G. trátase dunha parcela diferente á

parcela para a cal se solicitou o subministro eléctrico dunha adega....Conclusión:Por todo o sinalado infórmase desfavorablemente a devolución do aval presentado.Deberá o promotor axustarse á documentación técnica aportada”

A xunta de goberno acorda que non procede a devolución do aval, debendo o promotor axustarse á documentación técnica aportada.

-Escrito de don Raúl Vidal Gil , con número de rexistro de entrada no concello 1344 de 23 de marzo de 2018, no que indica que o día 10 de marzo as portas metálicas dos contenedores sitos na rúa Progreso a altura do Rebusca 42, se abriron polas inclemencias do tempo e mal estado causando danos no vehículo Volkswagen Golf 9974 FCK, e solicita o importe da reparación adxuntando factura do taller Mosquera e Hijos SL por importe de 133,10 euros.

A xunta de goberno acorda efectuar o abono dos 133,10 euros correspondentes á reparación dos desperfectos sufridos polo vehículo.

-Escrito de don José Manuel Míguez, con rexistro de entrada no concello 1353 de 23 de marzo de 2018 no que expón “ que por motivo do cumprimento da licenza municipal como tablaio flamenco onde se esixe unha actuación anual flamenca” solicita “ permiso para a actuación do Grupo Patimana (Rumba flamenca) para o vindeiro sábado 31.03.2018 as 11:30 h e remate as 0:45 aproximadamente”

A xunta de goberno acorda autorizar o solicitado debendo cumprir todas as demais condicións da licenza municipal..

-Escrito de don Ernesto Fernández Fernández, en representación de Cafre Diseño SL, solicitando a limpeza de camiño.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Escrito da Policía Local , con número de rexistro de entrada no concello 1281 de 19 de marzo de 2018, poñendo de manifesto a necesidade de chalecos antibalas. A Xunta de goberno acorda acceder ao solicitado, debendo presentar unha proposta co número de chalecos necesarios, o modelo e o importe económico.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade , con número de rexistro de entrada no concello 1350 de 23 de marzo de 2018, comunicando que se pode levantar a restrición do uso da auga e restablecer o normal subministro da auga de consumo humano.

.5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Dase conta da Proposta formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes para arranxo de problemas na caldeira de biomasa, sistema AQS e calefacción do Centro Deportivo Municipal o Consello.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once horas e vinte e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO